

**ANTE A SUBDIRECCIÓN XERAL DE MEDIOS DE PRODUCCIÓN AGRÍCOLA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN.**

Isabel Vilalba Seivane, maior de idade, con DNI _____, co mesmo enderezo a efectos de notificacións e comunicacións que a Organización á que representa, en nome e representación do SINDICATO LABREGO – COMISIÓNS LABREGAS (domiciliado en R/Ofelia Nieto, 13-23, 15705, Santiago de Compostela, CIF G-27023951), por ser Secretaria Xeral do mesmo e a súa representante legal, comparezo para **MANIFESTAR**:

1) Que en data 24-9-2020 publicouse na páxina web do Ministerio **Proyecto de Real Decreto por el que se establecen normas para la nutrición sostenible en los suelos agrarios**

2) Que no anuncio manifestábase o que literalmente se transcribe:

“Advertido error en el texto publicado el 24 de septiembre, de conformidad con lo previsto en el artículo 26.6 de la Ley 50/1997, de 27 de noviembre, del Gobierno, se somete de nuevo a participación pública el proyecto de Real Decreto por el que se establecen normas para la nutrición sostenible en los suelos agrarios, al objeto de dar audiencia a los ciudadanos afectados y obtener cuantas aportaciones adicionales puedan hacerse de otras personas o entidades.

Los ciudadanos y organizaciones que así lo consideren, puedan hacer llegar sus aportaciones en el plazo máximo de 15 días hábiles, a partir del día siguiente de esta publicación, a través del buzón de correo electrónico: MPAyOEVV@mapa.es.

El plazo para el envío de observaciones al texto comenzará el 28 de septiembre y finalizará el 19 de octubre de 2020, ambos inclusive”.

3) Que por medio do presente escrito pasan a formularse as consideracións seguintes.

CONSIDERACIÓN PREVIAS:

Primeira.-

En canto á lexitimación da Organización que presenta este texto, dicir que a mesma goza de condición de estar entre as “máis representativas” conforme ao disposto na Lei 1/2006, de 5 de xuño, do Consello Agrario Galego. Condición reforzada coa súa presenza – avalando a súa representatividade ante as Administracións Públicas – en numerosos

órgaos consultivos e de interlocución entre a Administración e as organizacións da sociedade civil, como o CES-Galicia, o Consello Galego de Estatística, o Consello Galego de Medio Ambiente, o Consello Forestal de Galicia, o Consello reitor de “Augas de Galicia”, por citar só algúns.

O artigo 2 dos seus Estatutos sinala como fins propios, entre outros; “alcanzar o desenvolvemento profesional, cultural e económico dos agricultores e agricultoras galegos/as en xeral e dos seus asociados e asociadas en particular”.

Segunda.-

Estamos de acordo en que este decreto fale de “nutrición sustentable” dos solos agrícolas e que entre os seus obxectivos se atopen “incrementar la productividad de los suelos agrarios, disminuir el impacto ambiental de los productos fertilizantes, nutrientes o materias orgánicas y reducir la emisión a la atmósfera de amoníaco y de otros gases de efecto invernadero, así como evitar la posible contaminación de aguas por nitratos” e “preservar y mejorar las propiedades biológicas de los suelos agrarios, potenciando su manejo como “suelos vivos”, aínda que a consecución deste obxectivo quede diluída no texto articulado do Borrador de Real Decreto, xa que consideramos que se parte dun **enfoque errado**, polas cuestión que iremos expoñendo.

A continuación, plásmanse as nosas **ALEGACIONES / OBSERVACIONES**:

CONSIDERACIONES XERAIS:

Primeira.-

Debe corrixirse o texto para adoptar a linguaxe de xénero.

Segunda.-

É preciso que se faga unha diferenciación clara entre o que é “esterco” (todo excremento u orina de animais de granja distintos de los peces de piscicultura, CON lecho”) e o que é “xurro” (todo excremento y/u orina de animais de granja distintos de los peces de piscicultura”, SIN lecho), xa que se trata de dous produtos ben diferenciados, nos que os aportes de materia orgánica e micronutrientes (dependendo do material do leite) do primeiro difiren ben do segundo.

Ademais, facendo esta similitude, atopámonos con que os xurros xerados polas granxas industriais terían a mesma consideración que os estercos xerados nos sistemas de produción mais extensivos e, polo tanto, sustentables. O que non parece o desexábel.

Terceira.-

Xa que un dos obxectivos mencionados no proxecto de Real Decreto é o de “preservar y mejorar las propiedades biológicas de los suelos agrarios, potenciando su manejo como “suelos vivos”, deberán contemplarse excepcións e/ou criterios de discriminación positiva de cara a aquelas granxas en produción ecolóxica, xa que a propia normativa de produción ecolóxica ten este mesmo obxectivo como obriga. Ademais, o conxunto do real Decreto en fase de Borrador céntrase única e exclusivamente no aporte de macronutrintes ao solo. Neste senso, consideramos incongruente, e mesmo antagónico, que se permita o emprego de lodos de depuradora en solos para a produción de alimentos xa que os metais pesados que aportan ao solo, mesmo en cantidades dentro dos límites establecidos, non contribúen a manter un solo vivo, reserva de biodiversidade e de variabilidade xenética.

Cuarta.-

Deberíanse contemplar tamén excepcións e/ou criterios de discriminación positiva naquelas granxas que realicen a súa actividade de maneira sustentable, podendo definir esta mediante criterios como:

- 1) carga gandeira (<2 UGM/Ha),
- 2) dimensión (explotacións agrícolas con menos de 2 Has de superficie),
- 3) usos agrarios tradicionais do esterco,
- 4) Sistemas Agrarios de Alto Valor Natural,
- 5) actividades realizadas en solos de alto valor natural ou en Sistemas ambientais con usos agrarios (segundo a definición feita en “Programa Piloto de Acciones de Conservación de la Biodiversidad en Sistemas Ambientales con Usos Agrarios en el Marco del Desarrollo Rural. UAM. Dirección General de Conservación de la Naturaleza. Ministerio del Medio Ambiente. 2003),
- 6) sistemas agrícolas en mosaico (minifundio).

Neste sentido de protección dos solos agrícolas debería excluir da definición de Solo Agrario e de Superficie Agraria útil a todos aqueles solos que non se adiquen á produción de alimentos para as persoas ou para os animais, polo que solos con cultivos con fins diferentes da alimentación (enerxéticos,...) e os cultivos forestais, independentemente da súa velocidade de crecemento non deben ser considerados Solos Agrarios nin Superficie Agraria Útil.

Se cadra sería máis axeitado facer un apartado específico dentro do Real Decreto para a fertilización de “eriales”, solos forestais e cultivos forestais (de ciclo curto ou longo), xa que cremos que a fertilización destes solos non responde a criterios edafolóxicos nin económicos, senón que son simplemente unha vía para desfacerse duns residuos que, doutro xeito, serían moi difíciles de xestionar.

Quinta.-

Cremos que o Borrador parte dun enfoque erróneo, xa que, á parte de non terse en conta o manexo actual dos restos orgánicos que se fan en certos sistemas agrícolas como se explicitou anteriormente (alegacións segunda e terceira) entendemos que se produce falta de transparencia, pola baixa calidade da información sobre os sistemas de manexo do gando vacún (incumprimento das directrices metodolóxicas internacionais EMEP/EEA).

O Ministerio parte de datos incorrectos para facer os cálculos de emisións do sector de vacún de leite, dado que non aparece información sobre o tempo que pasan as vacas e a recría de leite en pastoreo, e así na súa última guía publicada *“bases zootécnicas para el cálculo del balance alimentario del nitrógeno y fósforo en bovino y ovino”*, utilizado para facer as estimacións de emisións do *“Inventario Nacional de Emisiones”* aparecen “0 horas de pastoreo”, para todas as vacas de leite e recría, de todas as explotacións de vacún a nivel estatal.

Isto incumpre as directrices metodolóxicas internacionais que *“obrigan a separar adecuadamente as deposicións do gando fóra ou dentro do estabulo”*


Así que este incumprimento metodolóxico, é moi prejudicial sobre todo para as ganderías máis extensivas e ecolóxicas de Galicia e Cornixa Cantábrica.

O fomento do gando en pastoreo está considerado como unha das mellores técnicas para reducir as emisións de amoníaco, e así ven sendo considerada como “Categoría 1”, dentro das medidas propostas pola EMEP/EEA.

Tendo en conta os datos “reais” de pastoreo publicados polo CIAM, derivados dun proxecto financiado polo INIA no que participaron centros de investigación de toda a Cornixa Cantábrica, e Navarra [<http://ciam.gal/pdf/informeinia.pdf>], conclúese:

- 1** O **61,2%** das explotacións declararon realizar pastoreo con algún ou tódolos grupos do rabaño leiteiro (vacas en lactación, vacas secas e novelas).
- 2** Horas diarias de pastoreo das vacas en produción: **máximo 5,9 h no verao e mínimo 2,9 h no inverno** sendo significativa mente menores as horas de pastoreo nas explotacións maiores
- 3** Superficie media pastada por explotación polo rabaño de vacas lactantes foi de 4,9 ha, representando o **30,0% da SAU** e que ascendería a un **total de 80,8 mil ha para o conxunto da zona Norte**.
- 4** Tendo en conta os datos “reais” de pastoreo publicados neste informe, estimase que se reducirían as emisións aproximadamente nun 30% sobre as publicadas para o vacún de leite, o que equivalería, xa neste momento, a unhas reducións de emisións similares a que en toda España xa estiverase aplicando o sistema de baixas emisións de “mangueiras arrastradas” por todos os gandeiros.

CÁLCULO DE EMISIONES DE AMONIACO PARA EL VACUNO DE LECHE EN ESPAÑA



Fonte: *La reducción de emisiones de amoniaco en la ganadería española* 149. J Castro Agricultura Familiar En España Ministerio De Agricultura, Pesca Y Alimentación. ANUARIO 2019. http://www.upa.es/upa/_depot/_adjuntos/5094e22aefc6b421560852122.pdf

Sexta.-

Asemade, o Borrador deste R.D. é simplista e parte dunha información incompleta, dado que na metodoloxía para o cálculo das emisións, falta ter en conta as características climáticas das diversa rexións ou provincias, para diferenciar as emisións nas cortes e na fosa, que se incrementan ca temperatura. Tamén é necesario distinguir o tipo de solos onde se aplica o xurro, xa que os solos acedos, con alta capacidade de intercambio catiónico debido ao maior contido en materia orgánica do solo, como son os solos de Galicia e da Cornixa Cantábrica, son menos propensos a emitir amoníaco.

Ver mapa:




Fig. 6. Map of the soil organic carbon stock (SOCS).

Contido de Carbono orgánico nos solos españois Rodríguez Martín et al, 2016

Sétima.-

Consideramos que a aplicación do presente decreto debera ter en conta as **posibles repercusións económicas para as explotacións**, xa que vai afectar a todas aquelas actividades de produción primaria que aporte nutrientes ao solo, independentemente das súas características.

- 1) Cobro da PAC: Este decreto poñerá o listón mais alto nas esixencias da condicionalidade para as explotacións que viñan cobrando a PAC, poñendo en desvantaxe ás explotacións gandeiras con terras, sobre todo as de vacún de leite e tamén de carne, fronte a maioría do resto de Europa, xa que só en Holanda e Dinamarca está prohibido o abanico.
- 2) Problemas técnicos-económicos para a implantación da maquinaria de baixas emisións,(mais aló da inversión que supón a compra dos novos apeiros de baixa emisión):

- a) Na inmensa maioría dos casos, as cisternas actuais non están preparadas para a instalación dos apeiros dos sistemas de baixa emisión, o que obrigaría tamén a ter que mercar novas cisternas, xunto cos apeiros de baixa emisión.
 - b) O peso dos apeiros traseiros, unido a orografía con elevadas pendentes, obrigaría a ter que mercar tractores mais potentes, en moitos casos.
 - c) Desgaste por abrasión dos distribuidores/trituradores pola area: unha gran parte das granxas en Galiza, utilizan area nas camas pola súa demostrada comodidade para o gando. A area esta comprobado que ten un efecto abrasivo que desgasta as pezas metálicas, supoñendo unha menor vida útil dos apeiros.
 - d) Grande superficie agraria útil fortemente condicionada pola orografía e por unha forte pendente, facendo case imposible a implantación destes métodos de aplicación en parcelas con pendentes superiores ao 15% e de formas irregulares.
- 3) Problemas técnicos-económicos para a implementación de sistemas de almacenamento. Os sistemas de almacenamento propostos deben ser factibles por custo e por funcionais, especialmente na agricultura e na viticultura de pequena dimensión.

Oitava.-

Consideramos tamén que o Borrador adoece de falta de proporcionalidade na aplicación das medidas propostas

PEQUENAS EXPLOTACIÓNS:

A Unión Europea, sinala que os Gobernos deben ter en conta o efecto que poden causar as medidas nas pequenas explotacións: non consta ningún estudo socio-económico do impacto que este tipo de medidas pode carrexar sobre todo ás pequenas explotacións familiares que se verían máis afectadas por este sobre custo, facéndoas aínda mais menos competitivas, debido a economía de escala, fronte ás grandes explotación, fomentando aínda mais o despoboamento rural.

Deberían terse en conta criterios de dimensión á hora de establecer obrigas en cuestións como o almacenamento, aplicación, realización de análises e asesoramento, especialmente en explotacións agrícolas e de cultivos leñosos de pequena dimensión (<2 has), así como en explotacións gandeiras de maior dimensión pero cunha estrutura territorial minifundista cun elevado número de parcelas, todas elas con superficie inferior a 1 Ha, normalmente situadas en zonas de montaña e que contribúen positivamente á conservación da paisaxe en mosaico propia da cornixa, así como ao mantemento destes territorios con actividade e con menor actividade incendiaria.

DIFERENCIA ENTRE SECTORES:

Vacún:


O **Plan de Proxeccións de Emisións de Gases Contaminantes á atmosfera presentado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica** no ano 2019, carga no vacún as principais reducións de emisións de amoníaco e permite seguir crescendo as de porcino, o principal emisor

	2016	2020	2025	2030	2040	2016-2040	% redución
producción animal y gestión de estiércoles y purines	200,35	196,98	178,67	159,88	155,35	45,00	22,46
V leche	19,94	19,59	15,81	12,20	10,96	8,98	45,05
V carne	41,29	39,09	32,51	25,83	24,02	17,27	41,82
Ovino	9,46	9,17	8,56	7,95	7,56	1,91	20,17
Porcino	79,69	81,82	77,61	72,90	72,38	7,32	9,18
Caprino	0,80	0,77	0,75	0,72	0,68	0,12	14,86
Equino	5,23	5,01	5,09	5,17	5,20	0,03	0,63
Aves	43,85	41,46	38,26	35,04	34,49	9,36	21,35
Abonado orgánico y mineral	247,75	228,88	206,93	184,26	180,59	67,16	27,11
Otros sectores	44,11	47,88	50,34	51,63	48,46	-4,35	-9,86
Total nacional	492,21	473,75	435,93	395,76	384,39	107,82	21,9

Fonte: Plan de Proxeccións de Emisións de Gases Contaminantes MITECO

Neste sentido, destaca a redución do vacún de leite, que a pesar da súa pouca importancia relativa nas “emisións nacionais”, veríase obrigado a un axuste que representa máis do 45% da “cota” de emisións actuais, pasado do 4%, no ano 2016, ao 2.85% no 2040.

Tamén destacan as reducións do vacún de carne, case un 42%, pasando do 8,1% actual ao 6,25% entre os anos 2016 e 2040 respectivamente. Pola contra, as emisións do subsector porcino, que son con diferenza as maiores, sen embargo incrementaríanse, pasando do 16% ao 18,8% nacional manténdose estables os demais subsectores gandeiros.



Evolución prevista da porcentaxe das emisións de amoníaco dos distintos subsectores gandeiros sobre o total nacional, segundo a Proposta de axuste de emisións para as diferentes especies gandeiras, para o período 2016-2040. Elaboración propia a partir do “Informe de proxeccións á atmosfera Edición 2019”. Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Fonte: CAMPO GALEGO <https://www.campogalego.gal/xurros-5-medidas-que-reducen-emisions-de-amoniaco-de-forma-mais-eficaz-e-barata-que-os-inxectores/>

Viticultura en zonas de grandes pendentes:

As medidas de aplicación e almacenamento propostas no borrador farían, na práctica, inviable a aplicación de esterco ou outro tipo de fertilizantes de orixe natural neste tipo de agricultura xa que, tanto o tamaño das parcelas como a disposición dos cultivos fai impracticable o fertilizado das viñas con materiais de orixe natural, obrigando indirectamente a estas titulares a acudir a outros produtos comerciais, ocasionándolles un grave prexuízo, especialmente ás que practican a agricultura ecolóxica.

Novena-

Na filosofía deste borrador dáse a entender a importancia do emprego de materiais fertilizantes de orixe orgánica para acadar os obxectivos de nutrición sustentable e conservación dos solos, así como para acadar o obxectivo de redución do 20% no emprego de produtos fertilizantes para o 2030 establecido na estratexia “da granxa á mesa”, e concretamente no artigo 4.5 dise literalmente: “*Siempre que sea posible, se priorizará el uso de fertilizantes orgánicos*” pero no resto de articulado deste Borrador establécense unha serie de obrigas e trámites burocráticos que limitarán seriamente o emprego destes e, de aprobarse o borrador coa presente redacción, posiblemente se reduza o seu emprego, substituíndose polo emprego de fertilizantes de síntese que reducirán custes, trámites e simplificarán as novas obrigas. Así mesmo, tampouco se establecen mecanismos de simplificación ou exención, nin outros que fomenten esta prioridade.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES EN RELACIÓN CO ARTICULADO:

Primeira.-

En relación co artigo 2,3º, que alude ao PRINCIPIO DE CAUTELA, manifestar o seguinte:

Mais que establecer medidas xerais para o conxunto de sectores e subsectores agrogandeiros do estado, cumpriría diferenciar entre estes e entre diferentes territorios e as súas características climatolóxicas e edafolóxicas, tamén revisar as delimitacións de zonas vulnerables a nitratos xa que Galicia, a novena rexión europea produtora de leite de vacún, é a única das 10 primeiras rexións europeas que non ten declaradas “zonas vulnerables a

nitratos”, da mesma forma, que o resto de CCAA da Cornixa Cantábrica, onde se produce aproximadamente o 60 % do leite de vacún en España e establecer as restricións oportunas nas zonas mais sensibles á contaminación por nitratos de orixe agraria.

O decreto debera garantir tamén a actualización destas zonas en base aos informes cuadrienais elaborados polo MITECO en base ao disposto na Directiva 91/676/CEE

Segunda.-

En relación co artigo **3,b)** e o), onde se define SOLO AGRARIO e SUPERFICIE AGRARIA ÚTIL, comentar o seguinte:

A definición de solo agrario e de superficie agraria útil só debe contemplar aqueles solos ocupados por cultivos adicados á alimentación humana e/ou animal.

O solos ermos non deberan ter a condición de solo agrícola xa que, aínda podendo ter potencial agrícola non son solos destinados á produción de alimentos, polo que non é preciso a súa fertilización, e moito menos para a súa conservación dende o punto de vista ecolóxico.

Os solos destinados a cultivos forestais, independentemente do seu ciclo produtivo deben ter a consideración de solos forestais.

Debera incluírse dentro do Borrador un apartado específico para os solos forestais (ou con cultivos forestais), establecendo tamén criterios de nutrición sustentable para esta actividade produtiva.

Terceira.-

En relación co artigo **3,f)**, debemos manifestar que a definición de ESTERCO debera contemplar única e exclusivamente aos estercos sólidos, diferenciándoos claramente dos xurros, dadas as diferencias evidentes nas súas características como fertilizantes e na súa contribución as emisións de GEI.

Cuarta.-

En relación co artigo **3,n)**, debemos manifestar que a definición da figura do ASESOR non debe ter fins comerciais, nin debe se exercida por operadores comerciais, xa que pode desvirtuar os obxectivos do presente borrador.

En todo caso debera existir unha opción de asesoramento público en todos os territorios e para todas as orientacións produtivas, especialmente para as de marcado carácter familiar e pequena dimensión .

Quinta.-

En relación co artigo **4,2º**, consideramos que resulta EXCESIVA A IMPOSICIÓN DUN “PLAN DE ABONADO” nas orientacións produtivas de froiteiras, de pequena dimensión.

Na realidade galega, por exemplo, existen numerosas pequenas plantacións de froiteiras (pequenas plantacións ao uso ou árbores en lindeiros de parcelas adicadas a outros usos agrogandeiros) non profesionais pero que si venden o seu froito. Normalmente estas producións son complementarias a outra orientación produtiva principal, servindo de complemento á renda principal das titulares, contribuindo a un uso sustentable dos recursos, á resiliencia das explotacións, á conservación ambiental dos territorios e ao mantemento da biodiversidade e da diversidade xenética.

A introdución de novas obrigas neste tipo de producións, non só administrativas, senón tamén supoñendo un custe económico, suporía o abandono deste tipo de cultivos/prácticas, o que botaría por terra un dos obxectivos principais das políticas de desenvolvemento rural: o mantemento da biodiversidade e a conservación ambiental do medio rural.

O mesmo ocorre nos pequenos invernadoiros que abundan no territorio galego

Sexta.-

En relación ao artigo **4,6º**, dicir que as inspeccións dos equipos aplicadores de fertilizantes debera estar incluída na ITV desta maquinaria. En calquera caso, a revisión na ITV deste tipo de maquinaria non debe ser obrigatoria porque non se garante con esta inspección un funcionamento correcto da maquinaria.

Sétima.-

En relación ao artigo **4,8º**, pensamos que tal e como está redactado este artigo parece que se dará preferencia ao emprego de adubos de síntese, por ser os que mellor compren os requisitos marcados neste punto, o que se contradí cos obxectivos do presente borrador.

Por esta razón é pola que desconfiamos da calidade do asesoramento realizado por axentes comerciais no cumprimento dos obxectivos do real decreto e na preocupación pola viabilidade económica e ambiental das explotacións.

Oitava.-

En relación ao artigo **5,2º**, dicir que os datos de fertilidade dos solos, á parte dos mapas provinciais deberan poder obterse de valores medios publicados por entes públicos e que fosen obtidos por métodos acreditados.

Novena.-

O artigo **5,8º** alude ao 16.

Simplemente comentar que entendemos que se trata dun erro, pois a referencia debería ser, en lóxica ao 17.

Décima.-

Respecto ao **5,8º**, facemos a seguinte reflexión:

A idea de “*non poder aplicar ao solo nin aos cultivos materiais para os que non se poidan determinar os valores aos que fai referencia a parte II do Anexo I*”, á parte do custe económico que suporía para as titulares a análise destes parámetros, fai inviable o emprego de moitos produtos orgánicos e beneficia claramente o emprego de fertilizantes de síntese química, que se demostraron con maior poder de emisións de GEI ca os orgánicos. Tamén reduce as oportunidades de emprego de recursos tradicionais como se ven facendo na agrogandeiría familiar e tradicional e prácticas de conservación de solos, polo que estas se deixarían de realizar, aínda cando se demostran moi útiles para a consecución dos obxectivos do borrador (conservación do solo) como poden ser o enterrado dos restos de colleita e o emprego de adubos verdes (sementados ou procedentes da vexetación espontánea que medra nas leiras logo dun período de descanso destas) ou o emprego de mulime (práctica tradicional na agricultura galega que consiste na incorporación ao solo dos restos de limpeza do monte para o seu uso como fertilizante: dobre beneficio: redución da biomasa nos montes: redución dos riscos de incendio: aporte de materia orgánica aos solos).


No borrador debérase contemplar a posibilidade de empregar datos de valores medios de fertilidade dos diferentes produtos en base aos estudos publicados polos diferentes centros de investigación agrarios e/ou universidades públicos. No caso de non existiren estes, deberíase promover/financiar publicamente a súa realización polos diferentes organismos públicos relacionados coa investigación e os estudos agrarios existentes en cada territorio.

Dende a Administración pública deberase promover o emprego de técnicas culturais e de aproveitamento de recursos locais mediante a realización de estudos en entes públicos que poñan estas en valor, xerando datos e coñecemento no seu uso para que este sexa igual de doado e viable que o emprego de produtos de síntese química, promovendo así, realmente, a resiliencia e conservación dos sistemas agrogandeiros.

Décimo primeira.-

Pasamos ao artigo 6.

Procede dicir que en todo o articulado do borrador falta una referencia reflexiva sobre o que significan os PASTOS PERMANENTES, obviando os beneficios ambientais deste tipo de cultivos como sumidoiros de carbono, polo que as políticas de protección destes deben ser prioritarias a pesar de que podemos atopar situacións de equilibrio nas que o C non se acumula e, polo tanto, non axuda a reducir o CO2 neto na atmosfera. Hai que ter en conta que a posible interrupción ou cambio de uso ou xestión podería levar a unha rápida liberación de CO2 do solo á atmosfera. (Pete Smith. Do grasslands act as a perpetual sink for carbon?. 2014).



Mapa de concentración de C en *solo* en España (Fonte:Rodríguez-Murillo, 2001)

Polo tanto, a duración mínima das rotacións de cultivo debera estar exenta para os pastos permanentes, debendo establecer medidas económicas e/ou administrativas que favorezan a súa permanencia.

O establecemento de criterios de pastos permanentes sobre a SAU total das granxas debera ser un indicador do grado de extensificación destas, establecendo medidas de excepción na elaboración de plans de adubado naquelas granxas nas que a proporción de pastos permanentes sobre o total de SAU da granxa supoña a maioría desta. En todo caso, poderían establecerse guías ou modelos de plan de adubado para granxas con esta tipoloxía, que as eximisen da obrigatoriedade de contar coa figura do asesor, pasando esta a ser voluntaria.

O mesmo criterio se debera ter para as explotacións en produción ecolóxica e aquelas explotacións agrarias e de cultivos leñosos que non acadasen unha dimensión mínima (2 Has), aínda que esa actividade fose a actividade principal da titular e non se trate de explotacións de autoconsumo.

Baixo ningún concepto se debe permitir que a figura do asesor teña relación comercial ou societaria algunha con empresas ou persoas subministradoras de produtos fertilizantes, xa que esta situación pode dar lugar a conflitos de intereses.

Propoñemos tamén a exclusión da obriga de realización do plan de abonado naquelas granxas/explotacións que non empreguen materiais fertilizantes a terceiros e que se encontren dentro dos límites de carga gandeira e/ou dimensión sinalados nestas alegacións. Tamén cando o destino destes fertilizantes sexa para as producións de autoconsumo dentro da propia granxa e/ou unidade familiar titular da granxa. Debería contemplarse a exclusión do PLAN DE ABONADO para os cultivos, por exemplo, de horta, patacas, verzas, de autoconsumo.

No que respecta á obligatoriedade do asesoramento técnico en materia de fertilización e na realización de plans de abonado, consideramos que as granxas sen terra, as granxas intensivas (>2,5 UGM/Ha) e aquelas que empreguen lodos de depuradora ou algún tipo de subproduto da industria agroalimentaria deberán contar con asesoramento.

A realización do Plan de abonado contempla a realización de numerosas analíticas, o que supón un custe engadido para as granxas que se vexan nesta obriga. En determinadas prácticas de cultivo a realización de determinadas análises faise difícil e mesmo imposible, polo que estas se deixarían de realizar, aínda cando estas se demostran moi útiles para a consecución dos obxectivos do borrador (conservación do solo) como poden ser o enterrado dos restos de colleita e o emprego de adubos verdes, ben sementados ben procedentes da vexetación espontánea que medra nas leiras.

A obriga da realización de plans de adubado entra en vigor o 01/01/2026, e levará implícitos unha serie de custes para as explotacións que estean obrigadas á súa realización nesta data.

Por outra banda, O eco-esquema n.º 5 proposto polo Ministerio para a nova PAC que entrará en vigor o 2023, é “Fomento da aplicación de plans individuais de fertilización”, e entendemos que é un eco-esquema intimamente ligado co proposto polo presente borrador. Os eco-esquemas estanse plantexando como unha forma de “premiar” os métodos de produción non sostibles, cando deberían servir para os modelos de produción sostibles.

Neste caso, parece que o Ministerio pretende (se finalmente vai adiante) que mentras non sexa obrigatorio o contido deste Borrador, este eco-esquema sirva para financiar os custes nos que incorrerán as explotacións con estes novos requirimentos. Polo que, podemos

concluir, unha vez sexa obrigatorio o reflectido neste Borrador, o seu cumprimento vai supoñer un custe considerable en trámites, sobre todo na Galiza.

Décimo segunda.-

Respecto ao artigo **6,3º** manifestar que se debe excluir a obrigatoriedade do ASESORAMENTO por terceiros. Este asesoramento debe ser **voluntario** e non obrigatorio.

As titulares das explotacións asumirán a responsabilidade da xestión da fertilidade dos seus solos, sen ter que impoñer a figura dun terceiro, xa que moitas das titulares teñen capacidade suficiente para facelo.

Décimo terceira.-

Pasando ao artigo **7,2º**, dicir que nel fálase dunha análise dunha leira piloto por folla de cultivo, sen definir o que é "FOLLA DE CULTIVO" para este fin.

Dada a estrutura da propiedade que existe en Galiza, con predominancia do minifundio, deberíase explicitar claramente cantas analíticas hai que facer.

Na nosa realidade atopámonos con moitas parcelas e recintos SIXPAC con usos e cultivos diferentes, cando na realidade o uso, cultivo e aproveitamento é o mesmo, así como o seu manexo e fertilización.

Á parte do emprego das follas de cultivo, propoñemos o emprego das Unidades de Xestión Homoxénea (UXH), entendendo estas como o conxunto de parcelas/recintos nos que se realiza o mesmo cultivo agrícola/manexo, independentemente da proximidade xeográfica destas, onde se empregará unha parcela como piloto e referente para o resto de parcelas que forman parte da UXH.

Décimo cuarta.-

En relación co **7,7º** e **7,8º**, facemos a seguinte reflexión:

Se as CC.AA. poden establecer as súas propias doses máximas de P e K co fin de diminuír o impacto dos produtos fertilizantes, enténdese que estas o farán en base a unha serie de datos de niveis destes elementos nos solos, podendo logo o coñecementos destes datos servir de guía para a realización dos "Plans de abonado", sen necesidade de realizar análises de solos.

Décimo quinta.-

En relación co artigo 8, dicir que neste artigo fálase da elaboración de “guías de boas prácticas en fertilización de solos agrarios e nutrición sustentable dos solos” e no seu **punto 3** defínese quen poderá realizar a súa elaboración e proposta. Faltaría definir quen é un “USUARIO PROFESIONAL”, e se esta figura se entende como se especifica no artigo 23 ou, pola contra, corresponde con outra definición.

Se entendemos como usuario profesional ao Agricultor profesional segundo o definido no artigo 3.j), debería acoutarse esta definición, de xeito que se garanta que na elaboración das guías de boas prácticas de fertilización se limite a participación de persoas, entidades e/ou empresas con intereses na comercialización de produtos fertilizantes, garantindo a total independencia e transparencia na elaboración destas guías.

No **apartado 4º** do artigo dise que o Ministerio, aos 2 anos de entrada en vigor do R.D., elaborará un estudo dos códigos de boas prácticas adoptados polas CC.AA., podendo dirixir recomendacións a estas para a revisión dos citados códigos.

Neste sentido compre aclarar se as guías de boas prácticas en fertilización de solos agrarios e nutrición sustentable dos solos servirán de orientación ou se serán de obrigado cumprimento e en que nivel se situarán estas ao respecto dos códigos de boas prácticas adoptados polas CC.AA.

A elaboración destas guías e/ou a modificación/adaptación dos códigos de boas prácticas adoptados polas comunidades autónomas, **podería servir como documento de base** para as pequenas explotacións, evitando que incorran en custes extra de contratación de servizos externos (laboratorios, técnicos,...), incluíndo datos de valores medios para a realización dos plans de adubado ou mesmo plans de adubado modelo (para diferentes cultivos e territorios) aos que este tipo de granxas poidan acollerse.

Décimo sexta.-

Respecto ao artigo 9, consideramos que nos solos nos que se apliquen materias que aporten metais pesados deberanse realizar analíticas de solos máis frecuentemente (anuais ou cada 6 meses), vixiando que non se sobrepase o uso destes elementos. Cando os niveis destes elementos se atopen próximos aos niveis establecidos no punto B do

anexo V, prohibirase a aplicación de materiais que aporten eses elementos para evitar que nestes solos non se poidan producir cultivos para consumo humano ou animal.

Como nos referimos anteriormente (alegación ao artigo 3.b)), un solo que non se adique á produción de alimentos para consumo humano e/ou animal non debera ter a consideración de solo agrícola nin de SAU.

A superación dos niveis contidos na parte B do anexo V convertería a eses solos en non aptos para a produción de alimentos, pero si se poderían destinar ao cultivo de agrocombustibles ou biomasa, desvirtuando así o que entendemos como obxectivo principal deste borrador: a conservación do solo agrario.

Décimo sétima.-

No **artigo 10** vólvese a por de manifesto a imposición de trabas ao emprego de fertilizantes de orixe orgánica fronte ao emprego de fertilizantes de síntese, xa que se refire única e exclusivamente ao amoreamento deste tipo de produtos, non mencionando para nada normas para o amoreamento doutro tipo de fertilizante.

Este artigo, na súa letra b) di *“lejos de corrientes de aguas (**de forma general** [a 400 m] de los cauces, lagos, lagunas, y embalses, captaciones subterráneas de agua para consumo humano, pozos y fuentes”*.

Dise “DE FORMA GENERAL” o que da pé a que se poidan plantexar outras situacións, previsiblemente mais restritivas. Dadas as condicións de orografía e climatoloxía do noso territorio, así como á numerosa presenza de canles de auga, fai que o amoreamento destes materiais, en moitos casos, non se poida realizar ou se teña que realizar lonxe do lugar de aplicación.

Deberíanse de contemplar excepcións en casos particulares como pode ser a pequena viticultura familiar practicada en socalcos de forte pendente e a menos de 400 metros de masas de auga en liña recta (viticultura heroica), que se fertilizan con fertilizantes orgánicos cada varios anos. De non ser así, este tipo de viticultura substituirá o emprego de fertilizantes orgánicos polos de síntese química, perdendo sustentabilidade e resiliencia ou, simplemente, desaparecerá.

Deberíanse contemplar tamén excepcións tamén para o amoreamento destes produtos en zonas inundables T=100 ou superior.



Dada a dispersión poboacional de Galicia, o minifundio e pequeno tamaño das parcelas e á paisaxe mosaico de casas e terras de labor, habería que establecer condicións menos restritivas no que respecta ás distancias mínimas de amoreamento a granxas e vivendas.

No que respecta ao amoreamento temporal deberían contemplarse excepcións á norma cando este amoreamento se fai por sistemas tradicionais, como é o caso dos “moricos” en Galicia, un sistema polo cal o esterco se amorea en pequenos montóns por toda a superficie da parcela, e se deixa así uns 15 días para favorecer un proceso de semicompostaxe e maduración antes de ser espaxado por toda a leira e logo enterrado. Esta sistema tradicional de manexo non ocasiona verquidos que poidan supoñer puntos importantes de contaminación aínda que non conte cun sistema de recollida de lixiviados ou impermeabilización.

Leira con Moricos: Sistema de aplicación tradicional do esterco en Galiza

Debería estudarse unha revisión dos contidos de humidade máximos para amorrar os materiais, dadas as características climatolóxicas de Galicia, con humidade relativas ambientais altas, ou, polo menos, ter en conta as condicións climatolóxicas do territorio no que se amorean, para non facer incorrer ás granxas en custes de infraestrutura para o amoreamento temporal de esterco.

Non só non se deben amorrar os lodos de depuradora, senón que tampouco se debe permitir o amoreamento de subprodutos de orixe industrial ou agroindustrial.

Décimo oitava.-

Pasamos ao artigo **11**.

Neste artigo fálase dos métodos de aplicación dos produtos orgánicos e órgano-minerais, remitindo ao Anexo VI-A no que se especifican 3 métodos concretos de aplicación e que, nas especificacións e limitacións expostas na descrición dos mesmos, resulta que ningún deles se adapta ás características da maioría das granxas galegas, xa que nin hai terreos homoxéneos (superficie desigual e parcelas de formas irregulares), hai grandes pendentes e pequenas parcelas, a renda dispoñible para afrontar o seu custe é escasa, etc

Consideramos que **deberían terse en conta outras medidas** que non se inclúen das previstas nas guías metodolóxicas EMEP/EEA, pero que poderían utilizarse:

Promover o pastoreo, e a extensificación:

- De feito, o pastoreo foi clasificado como unha técnica rendible de redución de Categoría 1 no Documento de Orientación para Previr e Abater as Emisións de Amonio de Orixe Agrario, sendo moi inferiores as emisións dos sistemas de cortes confinadas. O sistema de produción de pasto ten un dos maiores potenciais para reducir o amoníaco.
- O pastoreo, ademais de reducir as emisións de amoníaco, ten outros beneficios para a “Economía circular” favorecendo o aproveitamento dos recursos forraxeiros fronte a importación de pensos (cereais, soia), a mellora do “Benestar animal” fronte a o gando estabulado todo o ano, a calidade nutritiva do leite e o seu maior valor para o consumidor, a creación de paisaxe e creación de hábitats biodiversos de gran valor para os insectos, aves etc.
- *Dimensionamento adecuado de fosas, e a súa cubrición,*
 - para poder aplicar o abono orgánico cando o necesitan os cultivos, (e non cando están cheas as fosas), co cal se reduce a necesidade de compra de abonos minerais nitroxenados, evitando dobremente as emisións (cando se bota o xurro para desfacerse de el, e cando se botan os abonos minerais, a o

non chegar o xurro, na primavera), ademais de evitarse as emisións do potente gas de invernadoiro que é o óxido nitroso N₂O (298 veces mais contaminante que o CO₂) que se produce aplicando abonos nitroxenados a o solo.

- A falta de dimensión das fosas é un das principais problemas que se atopan as explotacións para axustar o balance de nutrientes. Así, no último “balance de nutriente de la agricultura española”, publicado polo MAPAMA, había un exceso anual de abonado de **60 kg de N/ha** nos cultivos forraxeiros de Galicia (17.000 Tn. de N aplicados nas case 300.000 ha de cultivos forraxeiros). Este exceso de N equivale, practicamente, a o consumo anual de fertilizantes químicos nitroxenados polo que se poderían aforrar preto de 17 millóns de euros anuais as granxas de vacún galegas). Este aforro de abonos sintéticos aplicados a o campo suporía aproximadamente 1380 Tn. de NH₃ anuais (tendo en conta os datos provinciais de usos dos distintos tipos de abonos fertilizantes nitroxenados multiplicados polos factores de emisións para cada tipo de solo e climatoloxía)
- *O enterrado do xurro inmediatamente despois de ser aplicado (si se contempla para abonos minerais nitroxenados como a urea)*
 - esta práctica é moi utilizada en Galicia, cando se renovan as pradarías (outubro) ou se prepara ao terreo para a sementeira do millo (abril-maio), a magnitude desta rotación pradaría-millo, se pode comprobar nas estatísticas agrarias publicadas polo ministerio onde aproximadamente o 80 e o 70 % da superficie de pradarías e millo forraxeiro, respectivamente, atópase en Galiza. (*Anuario de Estadísticas agrarias del MAPAMA*)
- *A formación de costra na fosa:*
 - o gando vacún a o inxerir mais fibra que por exemplo o porcino, produce nas feces un material mais fibroso que forma naturalmente unha grosa costra na fosa de xurro, reducindo as emisións dun 40 a un 50%.

- *Aplicación do xurro cando as condición meteorolóxicas son mais apropiadas:*

(Si en cambio se permite a rega despois de aplicar a urea como medida)

- as emisión de amoníaco vense moi afectadas pola temperatura, o vento a radiación solar, e sobre todo a humidade na atmosfera, sendo unha “boa práctica” aplicar o xurro cando orballa, xa que así o xurro penetra no solo e non se perde na atmosfera, deixando a herba lavada.
- Esta práctica ten unha eficiencia na redución de emisións superior a inxección, cando durante, ou no prazo dunha hora despois de botar o xurro, chove entre 5 e 10 mm. E esta reflexada nas medidas de varios países como Irlanda e Reino Unido.
- A verificación desta boa práctica farase no propio caderno de explotación que se propón no Decreto.
- En Galicia por exemplo, nas épocas de abonado primavera e outono, existen entre 10 e 14 días de “orballo” de media nas comarcas gandeiras de vacún de leite e carne.

Deberíanse ter en conta tamén outras prácticas que axudan a mitigar as emisións de NH₃ e CH₄, entendendo esta mitigación como un conxunto a nivel granxa e non só como unha práctica no momento de aplicación do fertilizantes como poden ser a realización de pastoreo, o mantemento de pastos permanentes, a existencia de cama profunda nas cortes ou calquera outra das MTD's de eficacia probada, xa que o importante é a redución neta global, e non só a redución puntual nun momento concreto do proceso produtivo.

No que respecta ao enterrado dos materiais debера excepcionalmente esta práctica no adubado de pastos permanentes e praderías de rotación maior de 2 anos de duración, así como a práctica da agricultura de conservación e do non labrado.

Décimo novena.-

En relación co artigo **11,2º**, comentar que non se identifican os requisitos a cumprir polo método de aplicación nin de que modo se debe demostrar nin en base a que normas ou criterios.

Vixésima.-

E respecto ao artigo **17**, dicir que entendemos que os lodos de depuradora non contribúen á mellora ecolóxica dos solos, entendendo ao solo en todo o seu conxunto, polo que, unha vez mais, consideramos que se debera prohibir o uso destes produtos en solos destinados á produción de alimentos para as persoas e/ou os animais.

O concepto de **economía circular** non debe empregarse para entender ao solo como receptor de todo aquilo que non se pode xestionar doutra maneira. Quizais deberan plantexarse outros conceptos de economía circular que non desen a entender que calquera residuo de orixe orgánica pode ser empregado como fertilizante previo tratamento, mais coa experiencia acumulada até o de agora, onde estes produtos se empregan sen ningún tipo de control.

É por iso que esiximos un maior control por parte das administración públicas sobre o emprego destes produtos, ademais de que a certificación destes produtos para o seu re-emprego se realice por entes públicos que garantan a transparencia e a neutralidade, e non por entes privados nos que o ánimo de lucro pode desvirtuar a consecución dos obxectivos de transparencia e neutralidade.

Vixésimo primeira.-

En relación ao artigo **18**, facemos a seguinte reflexión:

Entendemos que procede que se deba entregar á persoa titular información relativa á orixe e ao risco asociado do(s) material(es) subministrado(s), deixando por escrito que esta entendeu a procedencia, composición (con expresa indicación ás impurezas, metais pesados e patóxenos) e condicións de uso.

Vixésimo segunda.-

Artigo **19**. En relación con el, reiteramos a conveniencia da prohibición do uso de lodos de depuradora e outros residuos en solos destinados á produción de alimentos para as persoas e/ou os animais.

Vixésimo terceira.-

Pasando ao **artigo 24**,

O asesor/a, nos casos en que sexa necesario e exista, tamén debe ter a posibilidade de empregar na súa actividade de asesoramento VALORES MEDIOS de fertilidade de solos e de materiais fertilizantes obtidos de organismos públicos e procedentes de estudos validados pola comunidade científica.

Os asesores/as deben ser obxectivos e velar pola sustentabilidade económica e ambiental das explotacións e do territorio no que realizan a súa actividade, polo que non deben ter vínculos coas empresas ou persoas comercializadoras de produtos fertilizantes, para evitar os conflitos de interese.

Haberase de **concretar** no RD se a figura do asesor/a e o asesoramento será **exclusivo en temas de fertilidade ou poderá ser a mesma persoa que asesore á explotación noutros ámbitos**.

Vixésimo cuarta.-

Pasamos ao artigo **25**.

Defendemos a que sexa a propia titular da explotación a que se identifique coa figura do asesor/a cando se trate de granxas con terra e con cargas gandeiras baixas (<2UGM/Ha) ou pequena superficie nas explotacións agrícolas e/ou de cultivos leñosos e esta teña unha experiencia mínima na súa actividade, e que esta experiencia sirva para acreditar a condición de asesor.

Vixésimo quinta.-

Pasando aos Anexos do Borrador, en relación co **Anexo I**, consideramos que se debe permitir o emprego de VALORES MEDIOS, sen necesidade de realizar análises a todas as parcelas/follas de cultivo/materiais fertilizantes.

Estes valores medios poden ser obtidos das numerosas publicacións realizadas polos diferentes entes públicos con estudos nestas materias. Se fose necesario, habería que contemplar a necesidade da súa actualización.

Entendemos que esta posibilidade se debe acoutar a aquelas granxas que empreguen maioritariamente materiais xerados dentro da propia explotación, ou que, no caso de recorrer á compra de materiais fora desta o fagan a outras explotacións de características semellantes.

No caso de incorporar materiais procedentes de granxas sen terra, con sistemas de produción intensiva ou produtos derivados do tratamento de residuos, si consideramos preciso a realización das análises, especialmente do material a empregar e do solo.

O análise de solos e materiais fertilizantes excluirase nas explotacións que se atopen certificadas na produción ecolóxica e naquelas que empreguen exclusivamente materiais obtidos dentro da propia explotación.

Para a realización destas análises será preciso a implementación dunha rede de laboratorios públicos, podendo ser estes os pertencentes a centros de investigación e universidades públicas, xa que deste xeito se acadarían dous obxectivos: por un lado xeraría unha serie de datos e información en mans de organismos públicos que permitirían a actualización dos datos medios de fertilidade dos solos e dos diferentes materiais fertilizantes, así como unha mellor calidade das diferentes guías de nutrición de cultivos; e por outra banda, o custe no que incorreran as granxas podería ser menor, garantindo un mínimo de calidade nos datos.

Vixésimo sexta.-

En relación co **Anexo IV**, realización do balance de nitróxeno, o Ministerio, ou no seu defecto as CCAA, deberan definir valores medios ou de cálculo para aqueles apartados nos que a súa determinación analítica resulte difícil ou demasiado cara (ex.: humus mineralizado, extraccións de colleita).

No que respecta ao emprego de ferramentas informáticas (como o FaST que se recomenda no borrador), cabe ter en conta a elevada media de idade das titulares de explotación [60,56 anos (caracterización del sector agrario en el estado español. Informe sobre el objetivo específico 2: orientación al mercado y competitividad. MAPA 2019)] e a dificultade no uso destas novas ferramentas, así como a mala calidade da cobertura de internet de calidade que existe no medio rural.

Estas ferramentas deberan ser o mais intuitivas posibles e requirir dunha mínima intervención da usuaria.

Vixésimo sétima.-

Ao respecto do **Anexo V** cumpre dicir que os valores reflexado na **letra D** no que respecta ás impurezas macroscópicas de vidro, metal ou plástico de tamaño superior a 2 mm

parécennos excesivas, xa que supoñen introducir no medio natural unha cantidade importante de materiais non orgánico e de difícil degradación que non contribúen para nada a preservar e mellorar as propiedades biolóxicas dos solos agrarios, nin potencian o seu manexo como “solos vivos”, senón mais ben todo o contrario.

A presenza de plásticos nos materiais empregados como fertilizantes contribúe ao problema actual de contaminación por microplásticos, *“favorecendo a acumulación destes elementos en grandes cantidades nos solos, o que representa unha ameaza potencial para os ecosistemas terrestres - ... - Eses microplásticos poden ser transferidos dende as raíces ate as partes comestibles da planta ”* [Li, L., Luo, Y., Li, R. et al. Effective uptake of submicrometre plastics by crop plants via a crack-entry mode. Nat Sustain (2020)] pasando logo á cadea trófica.

Así mesmo estudos recentes revelan que a bioacumulación plástica na rizosfera causa un descenso significativo na transpiración, contido de nitróxeno e crecemento dos cultivos. Os resultados indican que as partículas de plástico poden acumularse na rizosfera, afectando á absorción de auga e nutrientes e, finalmente, chegando aos consumidores de raíces (persoas ou animais). Debido ás implicacións para a produción de alimentos e a alimentación do gando, estes descubrimentos confirman a bioacumulación de microplásticos na superficie dos tecidos subterráneos [Urbina MA, Correa F, Aburto F, Ferrio JP (2020) Adsorption of polyethylene microbeads and physiological effects on hydroponic maize. Science of the Total Environment, 741]

Cando non se poida garantir que un material fertilizante está exento da presenza de plásticos débese prohibir a aplicación deste en solos destinados á produción de alimentos para consumo humano e/ou animal, aplicando o principio de precaución.

A modo de suxerencia, sería importante valorar a necesidade de actualización dos valores contidos nas táboas das letras A, B e C, dado que estes se refiren á norma de 1990 e, dende entón, a evolución do coñecemento do comportamento destes elementos no solo e a súa afección ao mesmo xunto co referido á bioacumulación destes na cadea trófica, pode suxerir a necesidade de modificación destes límites á baixa.

Vixésimo oitava.-

Ao respecto do **Anexo VI**, consideramos que este se deba refacer por completo, atendendo aos motivos referidos na alegación décimo oitava.

Vixésimo novena.-

En canto ao **Anexo VIII** referido aos parámetros que deben cumprir os esterco, na súa táboa 1 refírese á excepción de cumprir co apartado e) a aqueles que “*provengan de explotaciónes reducidas y explotaciónes para autoconsumo*” sen definir nin facer referencia en ningún apartado do borrador a que tipo de explotación se refire o termo “reducidas”.

Propomos que para esta excepción se teñan en conta os criterios mencionados na Consideración Xeral Terceira.

No que respecta ao emprego das “*Bases zootécnicas para el cálculo del balance alimentario de nitrógeno y fósforo*”, remitímonos ao dito na Alegación cuarta, propondo que se poidan empregar valores medios procedentes dos organismos e/ou centros de investigación públicos de cada Comunidade Autónoma, por entender estes como máis achegados á realidade de cada territorio. Ademais, isto podería ser totalmente viable e reflexo da realidade de cada territorio se se fai atendendo ás consideracións reflexadas na Alegación Vixésimo Quinta.

Trixésima.-

No que respecta ao **Anexo XII**, no que se definen as titulacións habilitantes para ter a condición de asesor consideramos que, á parte de títulos académicos, deberase contemplar a posibilidade de acreditar capacidade suficiente para a xestión da fertilidade do solo cunha experiencia laboral mínima de 5 anos á fronte dunha explotación agraria ou gandeira con terras na que se realicen aproveitamentos forraxeiros para autoconsumo, e sempre e cando se basee a fertilización da explotación no emprego maioritario de esterco e xurros procedentes da propia granxa.

No caso de tratarse de granxas sen terra, granxas nas que non se realicen aproveitamentos forraxeiros para autoconsumo, se empregan maioritariamente produtos fertilizantes alleos á explotación ou se empreguen lodos de depuradora ou outros residuos procedentes da agroindustria, a persoa titular da granxa deberá contar coa titulación habilitante para poder tener a condición de asesor.

E para que así conste, en Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020

Asdo: Isabel Vilalba Seivane